

---

## PREGUNTA ORAL DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE A REHABILITACIÓN E CESIÓN DUNHA CASA DE TITULARIDADE PÚBLICA PARA USOS SOCIOCULTURAIS EN CONXO

No número 128 da Rúa Sánchez Freire, unha vez pasada a rotonda sobre a SC 20, hai unha edificación tradicional destinada a vivenda en estado de abandono que foi obxecto de expropiación por parte do Ministerio de Fomento para ser demolida e ter máis terreo para construír este enlace do periférico. A edificación non foi demolida por estar incluída no ámbito do Plan Especial de Protección e Rehabilitación de Conxo, polo que durante o anterior mandato xestionouse a cesión da mesma por parte do Ministerio de Fomento ao Concello de Santiago.

A obtención desta edificación tradicional por parte do Concello permitiría ter un inmoble que podería servir de complemento ao Centro Socio Cultural, tal e como demandan as asociacións veciñais e culturais do barrio de Conxo.

Estas xestións realizadas durante o anterior mandato para salvar esta edificación tradicional, e podela destinar a equipamento cultural, interrompíronse con este goberno municipal descoñecéndose na actualidade os plans do goberno municipal respecto deste inmoble.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para a súa resposta **ORAL** a seguinte **PREGUNTA**:

- Cales son os plans do goberno municipal respecto desta edificación tradicional incluída no ámbito do Plan Especial de Conxo e por qué non se ten avanzado no obxectivo de rehabilitación desta edificación para destinala a usos socioculturais, tal e como demanda o tecido asociativo do barrio de Conxo?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2022



Jorge Duarte Vázquez



COMPOSTELA  
ABERTA  
GRUPO MUNICIPAL

Concelleiro do Grupo Municipal de Compostela Aberta